

As visitas escolares ó Castro de Viladonga no curso 1988-1999

Filomena Dorrego Martínez

O seguinte estudio de público xuvenil que, formando parte de grupos escolares, visitou o Castro de Viladonga e o seu Museo monográfico durante o curso 1998-1999, dividíremolo en dúas partes ou bloques daquel tipo de público, diferenciándoos segundo a súa idade e nivel escolar.

1.- Os grupos escolares de 14 a 18 anos

Para estes grupos escolares, correspondentes a 3º e 4º de ESO, todo BUP, FP, Bacharelato e COU, elaborouse unha enquisa ou entrevista na que se seguiron os principios propostos por María Américo (1993) para a técnica de elaboración de cuestionarios nesta clase de centros e entidades.

Xa que as visitas de escolares acostuman facerse cun tempo limitado, as entrevistas fixéronse dun xeito global e colectivo, o que xa de entrada supoñía que non habían quedar reflectidas as opinións de tódolos compoñentes de cada grupo e, polo tanto, hai que considerar-los resultados só como unha aproximación a esas opinións ou como un achegamento ó sentido ou orientación que levan.

A entrevista incluíu preguntas abertas (é dicir, de resposta libre), polo que as opinións resultantes non son, nalgúns casos, exactamente cuantificables en proporcións numéricas homoxéneas.

Pretendeuse avaliar nestes escolares, máis cá aprendizaxe de conceptos sobre o contido expositivo do Museo (a cultura castrexa de época galaico-romana), unha serie de aspectos que serían, na orde sucesiva das catro cues-

tións plantexadas, as seguintes:

- a) a impresión dos escolares sobre a súa visita ó Museo,
- b) en que elementos da exposición fixan máis a súa atención,
- c) como representan ou recrean mentalmente unha realidade social histórica,
- d) o tipo de valoración que fan deste xacemento arqueolóxico e do seu Museo.

Podemos comentar así os resultados sinalando que, aínda sendo respostas subxectivas, adoitan repetirse; por este motivo preséntanse, en cada pregunta, en orde de maior a menor frecuencia na resposta.

1ª.- Das cinco opcións elixibles para defini-la súa visita ó Museo a orde é:

- interesante
- agradable
- educativa.

En ningún dos casos se elixiron as outras dúas opcións restantes: obrigada, e aburrida.

2ª.- De todo o conxunto expositivo do Museo o que máis chama a atención é:

- xoias
- moedas
- maquetas
- armas
- vidros, xogos, útiles en xeral.

3ª.- O modo de vida dos antigos habitantes do Castro é citado das seguintes formas:

- moi traballadores
- vida difícil, dura, sinxela, tranquila, primitiva, salvaxe, aburrida
- vivían ben, eran intelixentes, vida comunitaria (no censo de unión e cooperación entre eles), tiñan poucos

medios pero sabían aproveitalos

- ignorantes, libres e de vida pouco hixiénica.

4ª.- Sobre a función do Museo e os restos arqueolóxicos que garda, as opinións pódense resumir así:

a) consideran que é importante conservar, protexer e transmitir-las pezas que garda para:

- saber cousas dos nosos antepasados
- ver como evolucionou a cultura
- coñece-lo pasado
- poder ve-los obxectos antigos
- saber como vivían os castrexos.

b) en tódolos casos consideran que ve-lo Castro e as pezas do Museo lles axuda a entende-la historia que estudian.

Ademais do antedito, cómpre facer agora un segundo apartado no que se reflecten os resultados doutra enquisa realizada a propósito dun tipo de visita que, polas súas características, se sae da norma e é certamente infrecuente. Nela, e por iniciativa do seu profesor de Historia, D. Julio Reboredo Pazos (a quen agradecemos-la súa colaboración), un grupo de 15 alumnos de COU do Instituto "Sanxillao" de Lugo visitou o Castro de Viladonga e aquí, coa participación do director do Museo, Felipe Arias Vilas, se lles explicaron algúns aspectos (os máis fundamentais) sobre o sistema de escavación e a reconstrucción histórica que se pode facer a partir dos resultados daquela. Desta maneira, puideron segui-lo percorrido ou o proceso que sofre o material arqueolóxico desde a súa aparición no xacemento ata as fases do seu tratamento posterior no Museo, visitando neste as distintas áreas de traballo (almacéns, conservación e restau-

ración, debuxo, documentación, biblioteca...) e, como resultado final, as salas de exposición onde se mostra unha selección de pezas moi minoritaria pero suficientemente representativa e significativa ós efectos informativos e formativos.

Neste caso, a enquisa realizouse individualmente e no centro escolar, a instancias do profesor colaborador. Con ela pretendeuse avalialo aproveitamento didáctico e cultural que lles supuxo coñecer non só o traballo desenvolvido nun Museo (arqueolóxico neste caso), senón tamén os métodos de traballo da investigación, documentación e conservación arqueolóxica.

Ó igual que na enquisa anterior, incluíronse preguntas abertas, o que fai que as respostas sexan tamén moi variables. Anotamos estas coa mesma ordenación, de maior a menor frecuencia, que xa utilizamos anteriormente. Os resultados foron os seguintes:

1.- Entre os aspectos da vida da Humanidade que se poden analizar a partir da escavación dun xacemento arqueolóxico, cítanse:

- a forma de vida en xeral
- a forma e distribución das vivendas
- sabe-la capacidade de evolución do home ó longo da historia e dos seus utensilios
 - os traballos e a alimentación
 - a xoiería, a cultura en xeral, as diferencias de clases
 - o comercio, a arte, compara-la súa forma de vida coa nosa, data-los materiais.

2.- Varios alumnos (en concreto 13) contestan que o contacto cos materiais arqueolóxicos si que aportan algo novo ós seus coñecementos xa que:

- axuda a saber cousas dos nosos



Visita no Castro

antepasados e a aprecia-las formas de vida de persoas moi distantes no tempo

- serve para aprecia-las diferencias dos útiles antigos cos actuais

- permite entender aspectos da arqueoloxía en xeral

- permite saber que hai motivos decorativos, como as esvásticas, que xa se usaban na antigüidade, ou coñecer que a cerámica é máis antiga do que pensaban.

Un alumno non contesta, e outro resposta que el xa tiña suficientes coñecementos a través da asignatura.

3.- Os pasos, xa citados, que sofre unha peza arqueolóxica semellan estar claros para os alumnos, pero a maioría incide sobre todo nos aspectos relacionados co proceso de restauración.

4.- Consideran que a conservación do patrimonio arqueolóxico é importante porque:

- permite saber como vivían antes
- facilita que moita xente poida velos, e poden ser necesarios para "ampliar teorías" sobre esas pezas ou para estudos doutros descubrimentos
- serve para coñece-los seus útiles e como se alimentaban

- permite saber como evoluíron as formas de vida, se había diferencias sociais, como era a ourivería, facer "con credibilidade" unha evolución da vida do home, ou poder usa-las cousas que eles xa sabían...

- estes materiais arqueolóxicos adquiren valor económico co paso do tempo.

5.- As respostas de 12 alumnos coinciden en dicir que o que lles pareceu máis interesante da visita no seu conxunto foi o Castro, polas deducións que se poden facer a partir del: clase de vida, organización das vivendas e as súas diversas utilizacións. Nove alumnos sitúan a restauración en segundo lugar do seu interese. Outras refírense a aspectos concretos do Museo, destacando os aneis, as moedas ou as maquetas.

2.- Grupos escolares de 8 a 14 anos

Para o público infantil englobado na Educación Primaria -ciclos segundo e terceiro- e na ESO -primeiro ciclo-, elaboráronse, como material didáctico introductorio e complementario á visita ás salas do Museo, unhas transparencias para proxectar (debuxos de Marta Cancio). A selección do seu contido estivo determinada pola problemática que, a nivel de comprensión, presentaban os escolares ante aspectos como a evolución non lineal de materiais empregados polo home para fabricar útiles, ou os conceptos referidos a procesos temporais (cambio / continuidade, simultaneidade / convivencia, antes e despois de Cristo, etc.).

Outro aspecto considerado á hora

da elaboración temática destas transparencias, foi a receptividade e o interese dos escolares deste nivel por cuestións relacionadas coas escavacións no Castro. En ocasións, a súa curiosidade incidía en saber por que as construcións non se conservan completas (nalgún caso supoñían, vendo os restos existentes no Castro, que os seus habitantes debían de ser de estatura moi reducida), ou tamén como se atoparon no xacemento os diferentes obxectos conservados no Museo. Estes intereses e outros sinalados nunha análise anterior (o porqué de escavar no lugar onde se ubica o Castro, a que profundidade aparecen os materiais, como se sabe de que época son...), poñen de manifesto o atractivo que lles resulta todo o relacionado coa actividade arqueolóxica (en boa medida, como é preciso supoñer, polo aire de "misterio" que ven nesta disciplina ou polo matiz de "aventura" que ten, en parte derivado do mundo do cine).

Das vantaxes que ten no aspecto formativo o feito de que se coñeza este método de investigación histórica, son elocuentes as palabras de M.Asensio (1993) cando sinala que un alumno non ten a mesma noción do que sabe dos restos arqueolóxicos unha vez que coñece as técnicas de traballo dos arqueólogos.

No deseño das transparencias primaron as ilustracións sinxelas e claras, para as que (ó igual que na súa estruturación) se atendeu á proposta de Hernández e de Trepát (1991), de secuenciación de procedementos en historia para o seu uso en Educación Primaria e Secundaria. Entre eles elixíronse aqueles que se consideraron máis axeitados á temática tratada:

- Para a cronoloxía, sabe-la denominación, orde e sucesión das grandes



Visita no Museo.

etapas convencionais en que se divide a historia.

- Para as nocións temporais, detectar aspectos de cambio ou de continuidade a través do tempo, a partir da observación de determinados obxectos, ou ben entender accións ou fenómenos que transcorren nun mesmo tempo (simultaneidade).

- Para as fontes, documentos e testemuñas históricas (fontes de información directas -primarias-), explicar sobre que aspectos da vida do pasado do home nos dan información (económica, tecnolóxica, cultural, cotiá...) os diferentes tipos de materiais.

- Para a adquisición e uso de vocabulario histórico, coñecer termos e conceptos como arqueoloxía, escavación, museo, etc.

Unha vez elaboradas as transparencias en cuestión, proxectábanse coa seguinte secuencia: Idade da Pedra - Idade dos Metais - Romanización - Mapa de rotas comerciais do Imperio romano - Cultura Castrexa de época galaico-romana - Evolución dunha construción desde o seu uso orixinal ata a súa escavación actual, co correspondente estudo das estruturas e materiais recuperados.

Como comentario final procede resaltar que a experiencia anteriormente descrita amosa, polo menos, un resultado ben visible: despois da proxección,

os nenos daqueles niveis inferiores do ensino identifican máis facilmente os materiais expostos nas salas do Museo. isto supón, ademais do seu disfrute persoal, a posibilidade de realizar con maior autonomía a visita, inclúa esta ou non algún tipo de actividade preparada polos profesores. Con todo, cremos que é particularmente útil naquelas visitas nas que os profesores non aportan ningún tipo de traballo nin actividade, e nas que o alumno non ten a apossibilidade de amplia-la análise "in situ" das pezas.

Ademais, isto lévanos a considerar que, para un bo aproveitamento da visita, é importante que o neno teña unhas mínimas referencias históricas e culturais daquelo co que se vai atopar no Museo. Respecto desta cuestión, M.Asensio (1994) e J.I.Pozo (1989) sinalan a importancia de que o alumno teña uns coñecementos temáticos específicos mínimos acerca da área na que vai traballar, se ben o propio Asensio (citando a Catambrone e Holyoak e a Willingham, Nissen e Bullemer) apunta que hai datos psicolóxicos e neuropsicolóxicos a prol da independencia do coñecemento procedimental, é dicir, da posibilidade de que se dean aprendizaxes exclusivamente procedimentais sen pasar previamente por representacións declarativas.

Por outra parte, na dinámica do traballo no Museo adoita xurdi-lo pro-


blema da procura de información, máis acentuado en alumnos de ata 14 anos. Xeralmente, non son conscientes da interrelación "ilustración - texto - peza exposta". Se ben parece lóxico que esta activiade e o traballo con obxectos supoñería unha aprendizaxe adquirida coa práctica, unhas indicacións previas por parte dos profesores sobre como traballar no Museo, faríalles máis doada e proveitosa a súa tarefa.

Estas apreciacións, en definitiva, apuntan á falla de estruturación con que, en xeral e falando globalmente, se realizan as visitas escolares ó Castro de Viladonga (o que sería seguramente extensible e paralelizable a outros sitios), e comprobamos a baixísima porcentaxe de docentes que aproveitan cabalmente o Museo como recurso educativo de primeira orde e de gran utilidade.

Castro de Viladonga, outono 1999.

BIBLIOGRAFÍA

- AMÉRIGO, M. (1993): "Metodología de cuestionarios: principios y aplicaciones", *Boletín ANABAD*, XLIII, nº3-4, julio-diciembre, p.263-272.
- ASENSIO, M. (1993): "Secuenciación del aprendizaje del Conocimiento histórico", *Aula*, 10 (1), p.15-22.
- ASENSIO, M. (1994): "Los autómatas de Hefesto o el procedimiento para crear seres procedimentales", *IBER. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia. El Patrimonio Histórico-Artístico*, 2, octubre, Ed.Graó Educación, Barcelona, p.79-98.
- HERNÁNDEZ I CARDONA, F.X. / TREPAT I CARBONELL, C. (1991): "Procedimientos en Historia", *Cuadernos de Pedagogía*, nº 193, p.60-64.
- POZO MUNICIO, J.I. (1989): "Adquisición de estrategias de aprendizaje", *Cuadernos de Pedagogía*, nº 175, p.8-11.



Transparencias

